

Guía Didáctica

Orientacións para o profesorado



1. - Introducción:

"As máquinas" é unha unidade didáctica globalizada/interdisciplinar creada por José Manuel Bouzán Matanza nunha licenza por formación para o curso 2012/13 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Destinatarios: Centrada nos contidos propios do quinto curso de Educación Primaria pero válida tamén para o sexto curso de Primaria ou o 1º curso diso a xeito de repaso e/ou introdución a novos coñecementos sobre os temas aquí tratados.

Áreas e contidos: Abrangue contidos propios das áreas de Coñecemento do Medio, Matemáticas, Lingua galega, castelá e inglesa así como conceptos máis propios de temas transversais como o traballo en equipo.

A grandes trazos poderíamos resumir estes contidos como:

Coñecemento do Medio: As máquinas simples. Personaxes históricos.

Lingua galega e castelá: Lectura comprensiva. Estrutura dun texto. Formación de palabras: prefixo "in-". Palabras compostas: "-cultura". Ortografía: "R" forte e palabras que empezan por "vice-". Paronimia. Polisemia. O verbo: número, persoa, tempo e modo.

Nestas dúas áreas, independentemente da utilizada para introducir un determinado concepto, trátanse indistintamente aqueles aspectos comúns a ambas as dúas.

Lingua inglesa. Vocabulario: Tools. Polisemia. Comprensión oral. Expresións: "on the left, on the right,....

Matemáticas: Unidades de masa. Múltiplos e submúltiplos. Resolución de problemas. Razoamento lóxico.

Ámbito: Baséase fundamentalmente no uso do ordenador (concretamente dun navegador web recente como mozilla firefox, chrome, opera, ou safari) como soporte básico de toda a unidade, aínda que tamén se presentan propostas concretas para o seu desenvolvemento no caderno do alumno ou outros soportes que o docente estime oportuno.

A excepción dun único apartado, dos 45 que ten, que require que a Unidade estea aloxada baixo un servidor web (consultar o documento técnico) o resto pode ser executado en calquera ordenador, mesmo naqueles que carezan de internet. Unicamente se necesitará unha conexión a internet se se requirise a consulta, por exemplo, dun dicionario "on line".


Temporalización: Pensada para aproximadamente unha quincena. Dada a organización máis habitual dos contidos nestes niveis, estímase que o mellor momento durante o curso debería de ser o terceiro trimestre. Non obstante teña presente que calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización.

Interface: Moi sinxelo baseado nun menú despregable, situado na parte superior, dende o cal se pode acceder a cada un dos distintos apartados cun simple clic. Prestouse especial atención a que, nas actividades que puidesen requirir da consulta de texto propio da unidade, aparezan sempre nunha segunda ventá de forma que poida ser minimizada, realizar a consulta oportuna e volver ás actividades. Así mesmo, naqueles grupos de actividades, que se estimou oportuno a posible consulta de algo, colocáronse enlaces a ferramentas "on line" tales como os dicionarios, conxogador de verbo, etc.

Nos seguintes apartados realízase unha descrición detallada de cada un dos distintos apartados. Teña presente que, aínda que aquí se presentan na mesma orde que aparece na unidade, esta foi pensada para ser desenvolvida na aula dende distintos flancos, así, á par que vemos as características principais da panca podemos iniciar o traballo coas unidades de masa, a lectura sobre a romana ou o afondamento nunha determinada regra ortográfica das que aparecen na unidade.

2. - As máquinas simples:

2.1.- ¿Que é unha máquina?. Facendo clic nesta opción de menú aparecerá na zona central da Unidade un texto de introdución e consulta:



Poña atención aos botóns que aparecen no fondo e á súa funcionalidade:



Permite mostrar/ocultar a grosa nas palabras clave do texto.



Oculta/mostra as palabras remarcadas en grosa.



Mapa conceptual.



As frechas permiten unha navegación (independente do menú) ao seguinte/anterior texto.

Os tres primeiros botóns teñen unha intención didáctica importante buscando un afianzamento maior do estudado por parte do alumnado, así para a asimilación das palabras clave, un exercicio interesante pode ser que o alumno lea o contido con esas palabras "ocultas".

O "mapa conceptual" é unha ferramenta interesante, para a organización dos contidos, á hora do seu estudo, onde o alumnado pode intentar a exposición do contido traballado coa única axuda destes esquemas.

2.2- A panca:

2.2.1. - Elementos: Segue o mesmo esquema que o primeiro apartado, tanto no propio texto coma no mapa conceptual conta con dous gráficos que poden ser un recurso á hora de determinar os elementos desta máquina.

2.2.2. - Pizarra: É un espazo pensado para que o alumnado exprese graficamente os conceptos traballados ata o momento, tanto de forma individual, cada alumno no seu ordenador, como de forma colectiva na lousa dixital, para iso cóntanse con imaxes (botón verde +) e a posibilidade de introducir textos (botón amarelo "T") con só pulsar e arrastrar á zona central, no caso das imaxes, ou escribindo e logo situando cada texto no lugar correcto no caso do texto.

Fíxese que cada "obxecto" (imaxe ou texto) colocado no lugar de traballo pode ser xirado, aumentado, cambiar tamaño de fonte (no caso do texto),...

2.2.3. - Xéneros: Móstrase, dunha forma moi gráfica, os tres posibles xéneros desta máquina simple. Conta cun botón (man con polgar cara a arriba) onde se pode traballar unha **técnica de estudo**, as **reglas mnemotécnicas**, tomando como exemplo os xéneros da panca.



Técnicas de estudo.

As máquinas

Inicio ▾
As máquinas simples ▾
Na historia... ▾
Lingua ▾
Lengua ▾
Unidades de masa ▾
Tools ▾
Traballo colectivo ▾
Reunión carpintería

2.- A Panca.

Segundo a posición q

1º Xénero

2º Xénero

3º Xénero

ARP → Memorizar

APRENDE A ESTUDAR: Regras mnemotécnicas

Ás veces memorizar unha lista ou clasificación é moi doado si creamos un regra mnemotécnica, por exemplo, para lembrar as características de cada un dos xéneros das pancas so temos que observar o **elemento que está no medio** e "fixamos" na súa inicial (A= apoio, R= Resistencia, P=Potencia) e recordar ARP (ou unha palabra como ARPa).

Pechar

Unidade didáctica - 3º Ciclo de Primaria

2.2.4. - Galería de pancas: pulsando sobre cada unha das imaxes de obxectos cotiáns a imaxe aparece en tamaño máis grande. A intención didáctica deste recurso é que alumnado e docentes poidan establecer distintas comunicacións recoñecendo concretamente en qué lugar "se atopa" a panca, á súa utilidade, indicando os elementos, o seu xénero, etc. Así mesmo pode ser un recurso para que o alumnado, partindo dun obxecto, debuxe e escriba no seu caderno os datos xurdidos.


2.2.5. - No corpo humano: Este apartado está pensado para o repaso do aparato locomotor humano e ampliación de vocabulario referente ao devandito aparato así como a súa relación coas pancas.

2.3. - A polea.

Neste caso defínese e determinan os principais elementos da polea. No botón referente ao esquema/mapa conceptual inclúense ademais outras debuxos para a comprensión dos distintos tipos e combinacións de poleas.

Pense que estes esquemas poden ser de grande axuda para que, unha vez lido o apartado, con axuda do esquema algún dos seus alumnos "explique" ao resto as ideas fundamentais.

ESQUEMA 5: A polea




2.4. - Outras máquinas:

Cítanse brevemente outros tipos de máquinas simples coñecidas.

2.5. - Esquema xeral:

Na zona central da web aparecerá o mapa conceptual resume dos conceptos traballados máis importantes.




2.6. - As actividades interactivas:

Neste apartado están agrupadas en dous bloques "Actividades 1" e "Actividades 2".

Actividades 1: Fai un percorrido polos conceptos básicos da panca. O alumno ou alumna son quen debe de solucionar estas actividades, pode consultar en todo momento os contidos sobre os que está a traballar con tan só minimizar a ventá das actividades, realizar a consulta na pantalla principal da unidade didáctica e volver á ventá de exercicios.

No grupo de actividades ten as posibilidades que se indican no seguinte gráfico:

O alumnado pode en todo momento "moverse" polas distintas actividades (neste caso 6) que forman o grupo, ben a través do "índice de actividades", ben a través do botón de "seguinte/anterior". É importante ter en conta que, en calquera momento de execución deste grupo de exercicios interactivos, podemos obter un informe de



avaliación do traballo desenvolvido, "**auto-avaliación**", pulsando sobre o botón da esquina superior dereita, así por exemplo podemos atoparnos cun informe como o seguinte:

As máquinas						
Nº	Actividade	Execucións	Estado			intentos:
1	Os primeiros conceptos	1	✓			1
2	Recordamos	1				0
3	A panca. Elementos	1				
4	Pensamos	2				
5	Clasificamos	2				
6	Pancas no noso corpo	0				0
			2 / 6			

Onde podemos observar que a actividade número 1 se realizou unha única vez correctamente aínda que houbo un intento falido (columna de intentos), así mesmo as actividades catro e cinco foron realizadas dúas veces (columna execucións), se poñemos o cursor do rato enriba do número, no gráfico púxose enriba do número 2 da columna de execucións, exercicio 5, aparece unha subtáboa que nos informa de cada unha das veces que se realizou a actividade, neste caso, por exemplo, a primeira vez, foi realizada incorrectamente acumulando ata tres fallos, a segunda iniciouse pero non finalizado (columna fin con valor xx:xx), icona roda dentada.


É dicir, alumnado e profesorado poden ter un control dos progresos en cada un dos paquetes de actividades propostos.

Actividades 2: Actividades referentes agora á polea e as outras máquinas simples.

As máquinas
Actividades 2

1 2 3 4

Elementos da polea
Completa o gráfico da polea especificando que tipo de polea é.



Unidade didáctica - 3º Ciclo de Primaria

3. - Na historia... Arquímedes:

3.1. - Arquímedes de Siracusa - Lectura:

Como poderá observar, nesta lectura, entre as moitas historias, anécdotas, descubrimentos, etc que se poderían tratar deste autor, elixiuse unha das súas frases máis famosa "Dádeme un punto de apoio e moverei o mundo". Inténtase, con este texto, chegar ao alumnado un texto relativo á historia de personaxes que supuxeron grandes avances para a humanidade, o docente pode promover no seu alumnado o descubrimento doutras frases célebres do mesmo autor, inventos, etc.


Este apartado preséntase baixo a aparencia dun libro, de feito se achega o cursor do rato á esquina dereita da segunda páxina verá o inicio do efecto de "pasar folla" dun libro, tan só ha de facer clic co rato para que isto aconteza ou pulsar a tecla de frecha adiante.

As máquinas

Inicio ▾ As máquinas simples ▾ Na historia... ▾ Lingua ▾ Lengua ▾ Unidades de masa ▾ Tools ▾ Trabajo colectivo ▾ Reunión carpintería

Arquímedes de Siracusa

Arquímedes de Siracusa



Arquímedes nació en Siracusa, Sicilia, se cree que sobre el 287 a. C. y murió en 212 a. C., su padre, Fideas, era astrónomo y le enseñó los principios básicos de las matemáticas. Estudió en Alejandría (Egipto) aunque fue en su ciudad natal donde desarrolló todo su conocimiento.

Al contrario que otros grandes matemáticos que le precedieron, como Pitágoras, Tales o Euclides, que creían

Dadme un punto de apoyo y moveré el mundo

que la resolución de problemas cotidianos era más propia de otro tipo de gentes sin tanto conocimiento científico, tenía una especial pasión por aplicar sus conocimientos y descubrimientos a la vida práctica, a lo cotidiano, esta pasión, de la que se avergonzaba, hizo que no realizase dibujos o planos de los distintos artilugios que inventó.

Entre sus primeros descubrimientos se encuentra la palanca y los principios que la rigen, para ello se valió de una viga, palo o barra apoyada sobre un punto (punto de apoyo o fulcro) observando que, si la distancia de un lado del punto de apoyo era diez veces superior a la del otro lado, entonces la fuerza que se aplicaba en el lado largo se multiplicaba por diez en el lado corto, aunque el espacio que recorría era diez veces menor que el lado largo.

Esto lo llevó a pensar que si dispusiese de una palanca lo suficientemente larga podría "mover" cualquier peso, de ahí una de sus famosas frases:

Unidade didáctica - 3º Ciclo de Primaria

Na páxina 4 atopa "embebido" un video de youtube da serie "Érase unha vez os inventores" na cal, a partir do minuto 15:30 pode verse escenificada a lectura. Aconséllase o visionado completo do capítulo (26 minutos) xa que trata temas interesantes dunha forma entretida.

3.2. - Arquímedes de Siracusa - Actividades:

Trátase dun bloque de sete actividades interactivas onde se traballa a comprensión lectora, vocabulario, repásase o concepto de nome propio, as esdrúxulas e o sufixo "eza". Recorde que aquí, ao igual que nas actividades específicas das máquinas simples, pode moverse dunha a outra actividade e obter o informe de autoavaliación.

.: Arquímedes de Siracusa :.
Las máquinas

DICCIONARIO RAE

1 2 3 4 5 6 7

Vocabulario
Empareja cada palabra con su significado. Si tienes dudas consulta a nuestro amigo "el diccionario".

artilugio

Mecanismo, artefacto, sobre todo si es de cierta complicación

?

INTENTOS
0

ACERTOS
0

← Unidad didáctica - 3º Ciclo de Primaria

X ← ? →

Inclúese tamén un enlace ao dicionario da Real Academia da Lingua Española co obxecto de que sexa o alumno o que, ante calquera dúbida, sobre todo nos exercicios de vocabulario, poida recorrer a el e solucionar as súas dúbidas, do mesmo modo tamén pode acceder á lectura, sobre a que se fan preguntas, con tan só minimizar a ventá das actividades, dito doutra forma, búscase que o alumno teña "a man" todos os elementos necesarios de consulta para o desenvolvemento das actividades.

4. - Lingua galega:

O apartado específico de lingua galega pódese empezar pola lectura referente ao utensilio de medida de peso, a romana. No apartado de matemáticas trabállanse as unidades de masa polo que se poden establecer relacións entre ambos os dous apartados. Se aconsella que revise tamén o referente á lingua castelá por ir ambas parellas no seu prantexamento.

4.1. - A romana:

Ao igual que coa lectura de Arquímedes, aquí tamén hai unha breve lectura sobre a balanza coñecida popularmente como "a romana", nas dez actividades sobre esta balanza realízanse as actividades propias de adquisición de vocabulario, comprensión lectora, recórdase o concepto de "simetría" e trabállase a formación de palabras mediante o prefixo "in" a través de varias actividades.

As máquinas
Lectura: A romana

DICCIONARIO
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

6.- Inoxidable

No seguinte parágrafo do texto:
"Non eran aparatos de grande precisión, como as básculas actuais, pero o emprego de materiais resistentes ó paso do tempo, como o azeite **inoxidable**, poden permitir a pesada ata os gramos con total fiabilidade." aparece a palabra "inoxidable", fíxate neste esquema sobre como se formou esta palabra. Cando creas que xa o comprendiches pasa á seguinte actividade.

PREFIXO "IN-" + OXIDABLE

Elemento que entra na formación das palabras co significado de negación ou carencia

Que se pode oxidar

INOXIDABLE
Que NON se pode oxidar

Inodoro, insípido, intragable, inaceptable, imaterial

← Unidad didáctica - 3º Ciclo de Primaria

X ← ? →

Tal e como se comentou no caso da lectura de Arquímedes, aquí tamén se facilita o enlace, neste caso ao dicionario da Real Academia da Lingua Galega.

4.2. - O "R" forte:

4.2.1. - Regra: neste esquema podemos atopar un breve recordatorio sobre este caso. Este recordatorio pode estar "en pantalla" mentres realizamos as actividades.

4.2.2. - Actividades: Trátase de nove actividades co obxectivo de recordar e afianzar esta regra.

As máquinas
O "R forte"

1 2 3 4 5 6 7 8 9

Sinala o intruso
Fixate en cada grupo de palabras da pizarra, en cada un de eles hai un intruso, marcao facendo clic nel.

INTENTOS
0

Fai clic na palabra intrusa de cada grupo

Unidade didáctica - 3º Ciclo de Primaria

4.3. - Parónimos:

4.3.1.- ¿ Que son?: aparece unha breve explicación sobre este concepto.

4.3.2. - Actividades: tres actividades que ao igual que antes, intentan traballar este concepto.

As máquinas

Inicio As máquinas simples Na historia... Lingua Unidades de masa Tools Trabajo colectivo Reunión carpintería

PARÓNIMOS Son palabras moi parecidas na súa pronunciación e escrita pero moi diferentes no seu significado, por exemplo, polea e tolea, a primeira é a máquina simple que estamos a estudar e a segunda refírese ó verbo "tolear".

brazo - prazo traballo - trabado roda - poda angosto - agosto


Unidade didáctica - 3º Ciclo de Primaria

4.4. - O verbo:

4.4.1. - O tempo e o modo: Trátase dunha breve explicación sobre este concepto das formas verbais. En ambos os dous casos preséntase un esquema (botón no fondo) con estes conceptos e outros conceptos, tamén relativos ao verbo traballados na área de castelán.

4.4.2. - Actividades: Conxunto de 17 actividades encamiñadas a afianzar en galego todos os aspectos traballados sobre o verbo, tanto en galego como en castelán.

O verbo



As máquinas

O verbo

DICIONARIO | CONJUGADOR |

1 2 3 4 5 6 7 8 9
10 11 12 13 14 15
16 17

12.- Sinala o tempo

Fíxate no fondo da pizarra, e fai clic nas formas verbais que se indican.

Álvaro colleu a cuña para fender a
acha mentres lle explicaba ao seu fillo:
- Esta cuña colócase nesta fenda que
ten a madeira e logo darémoslle coa
maza, así a madeira partírase en dous
anacos.
O mozo non daba crédito ao que vía,
aquela cousa pequena, cun simple golpe,
era quen de partir aquel anaco de
tronco de carballo.

Preme sobre as formas verbais en pasado

Unidade didáctica - 3º Ciclo

X ← →

5.- Lengua castellana:

Se sigue en este apartado una estructura similar a la de lengua gallega, por lo que se trabajan aspectos iguales, por ejemplo gramaticales, a las dos lenguas.


5.1.- El cigoñal:

Se presenta una lectura de inicio sobre el funcionamiento de este simple e ingenioso artificio en desuso en nuestros días. Se recomienda, para una mejor comprensión de su funcionamiento, la visita a los enlaces propuestos, tanto de fotos, donde se pueden ver distintos cigoñales así como al vídeo correspondiente a un reportaje de TV sobre la misma máquina.

As máquinas

Inicio ▾ As máquinas simples ▾ Na historia... ▾ Lingua ▾ Lengua ▾ Unidades de masa ▾ Tools ▾ Traballo colectivo ▾ Reunión carpintería

El cigoñal



El cigoñal

El origen de esta máquina simple basada en la palanca se le atribuye a los egipcios, ya que existen pinturas en la tumba del escultor Ipu, gran entusiasta de la horticultura, durante el reinado de Ramsés II, y en las que aparece dibujado el cigoñal. Civilizaciones como la mesopotámica o los romanos lo emplearon también, lo que hizo que perdurara hasta nuestros días, si bien es cierto que la llegada de motores y bombas han hecho que hoy en día apenas se use.

Su utilidad era muy concreta, la extracción de agua de pozos o ríos, con un mínimo esfuerzo. Consta de una pértiga que hacía la función de palanca, en uno de los extremos se ataba una cuerda o vara a la que a su vez se unía un cubo o recipiente en el que extraer el agua, en el otro extremo se colocaba cualquier cosa que pudiese hacer de contrapeso como piedras o maderas.

El punto de apoyo constaba de un palo en forma de Y o de dos palos verticales con uno horizontal sobre el que se apoyaba la palanca.

El cigoñal en imágenes: [Fotos](#) (wikimedia), imágenes del cigoñal en distintos lugares del mundo así como en pinturas de distintas épocas. [Video](#) (telecinco). breve reportaje sobre uno de los últimos cigoñales en funcionamiento en España.

Unidade didáctica - 3º Ciclo de Primaria

Cuenta también con un conjunto de 10 ejercicios en los que vuelven a aparecer las actividades de vocabulario y la comprensión lectora así como la estructura del texto y formación de las palabras compuestas, en este las finalizadas en "-cultura"

Las máquinas

Lectura: El cigoñal

DICCIONARIO

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

7.- Horti + cultura

En el primer párrafo del texto dice:
 "El origen de esta máquina simple basada en la palanca se le atribuye a los egipcios, ya que existen pinturas en la tumba del escultor Ipu, gran entusiasta de la horticultura, durante el reinado de Ramsés II, y en las que aparece dibujado el cigoñal."
 Horticultura es una palabra compuesta, fíjate en el siguiente esquema y cuando creas que lo has comprendido pasa a la siguiente actividad.

PALABRAS COMPUESTAS

HORTI - CULTURA

Del lat. hortus, huerto + cultivo, crianza

Cultivo de los huertos y huertas

Unidade Didáctica - 3º Ciclo de Primaria

5.2.- Empiezan por vice-:

5.2.1.- Regla: Se explica la regla ortográfica de las palabras que empiezan por "vice-", una de las excepciones es precisamente el músculo bíceps que aparecía en el apartado de la palanca dentro del cuerpo humano.

5.2.2.- Actividades: Conjunto de diez actividades para el afianzamiento de esta regla y la ampliación de vocabulario.

5.3.- Palabras polisémicas:

5.3.1.- ¿Qué son?: al igual que se hace en gallego con los parónimos, aquí se explica el significado de polisemia, este concepto se trabaja también en el apartado de inglés.

5.3.2.- El diccionario de la RAE: Se trata de un pequeño video-tutorial donde se explica el funcionamiento de este diccionario "on line" haciendo especial hincapié en el trato que este diccionario da a las palabras polisémicas.

5.3.3.- Actividades: conjunto de cuatro actividades sobre este concepto y el afianzamiento del vocabulario de la unidad.

5.4.- El verbo:

5.4.1.- Número y persona: Como en gallego se trabaja el tiempo y el modo, en castellano se complementa con el estudio de número y persona de las formas verbales, se cuenta aquí también con un esquema sobre estos ítems del verbo.

5.4.2.- Actividades: 17 actividades en las que se tratan número, persona, tiempo y modo de las formas verbales, se ofrece también para su consulta, junto con el diccionario, un conjugador de verbos "on line" al que acudir ante cualquier duda.

Las máquinas
El verbo

CONJUGADOR | DICCIONARIO

1 2 3 4 5 6 7 8 9
10 11 12 13 14 15
16 17

12.- Señala el tiempo
Encuentra todas las formas verbales que indican el tiempo que aparece en el fondo del texto.

TIEMPOS VERBALES

Juan subía todos los días su carretilla por aquella rampla, cuando estaba en lo más alto resoplaba, soltaba su carretilla y buscaba a su amigo Pedro.
- Hola Pedro.
- Hola Juan, ¿qué llevas hoy?.
- Poca cosa Pedro, la pesca no ha ido muy bien pero tengo el presentimiento de que mañana cogeré el congrio más grande que hayas visto y entonces lo celebraremos los dos.

INTENTOS
0

Haz clic sobre las formas verbales en pasado

Unidad Didáctica - 3º Ciclo Educación Primaria

6.- Unidades de masa:

6.1.- Las unidades: imagen-esquema sobre los múltiplos y submúltiplos del gramo.

6.2.- Múltiplos y submúltiplos: 15 actividades encaminadas a obtener una destreza en el manejo de las distintas unidades de masa.

6.3.- Problemas exprés: Se trata de una serie de 9 problemas, relacionados con las unidades de masa y en los que únicamente se ha de contestar un determinado dato, el alumnado se puede ayudar de una calculadora simple y el reto consiste en "llegar" al problema número 9, ya que se pasa al siguiente problema en el caso de que la respuesta sea la correcta, por lo que no hay auto-evaluación.

Las máquinas
Problemas exprés

Calculadora 1/9

El kg de un determinado pescado cuesta dos euros. Por una tonelada métrica se pagarán entonces €

INTENTOS: 0

?

Matemáticas - 3º Ciclo de Primaria

6.4.- Por lógica: Con la lectura de la conversación entre varios amigos y aplicando la lógica el alumno debe de determinar que porción de tarta se comió cada uno de los personajes.

As máquinas

Inicio As máquinas simples Na historia... Lingua Lengua Unidades de masa Tools Trabajo colectivo Reunión carpintería

En la fiesta de cumpleaños de Ulises, él y sus seis amigos se han comido una tarta pequeña de medio kilo. Después de comerse toda la tarta los amigos comentan:

ISABEL: Si que estaba buena esta tarta, Ulises.
ULISES: Ya veo, has sido la que más has comido y eso que Joaquín también comió lo suyo, pero como llegó al final sólo pudo comer un hectogramo.
ISABEL: Si, es cierto, le gustó mucho pero yo me comí un trozo más que él.
ULISES: Bueno, yo estuve comiendo chucherías y me comí la tercera parte de lo que tú te has comido.
MARÍA: No te quejes Uli, Eva comió la mitad que tú.
JUAN: ¡Mira la que fue a hablar! Ella y Luis se han comido el cuádruplo que Eva cada uno.
LUISES: No exageres Juan, tú te has comido el triple que Eva y nadie ha protestado.
ULISES: ¿Qué os parece si pedimos otra?
TODOS: ¡Valeeeeeeee!

Tu misión es colorear el gráfico con la parte que cada uno se ha comido, ten en cuenta que cada trozo equivale a veinte gramos.

El pastel de cumpleaños

INTENTOS: 0

● Ulises
● Juan
● María
● Joaquín
● Isabel
● Eva


Unidad didáctica - 3º Ciclo de Primaria

6.5.- La balanza - Nivel 1, 2 y 3: Cada nivel consta de tres ejercicios en donde aplicando la lógica se debe de indicar el peso de los objetos indicados a la vista de la balanza o balanzas que se suponen, en todos los casos "equilibradas". Los niveles no indican necesariamente un orden creciente de dificultad pero si la adopción de distintas estrategias para su solución,

Las máquinas
Unidades de masa - La balanza

1/3

La balanza del dibujo está equilibrada. Escribe en el recuadro el peso de la bola que se indica.



● = 100 g
● = 500 g
● = g


Unidad Didáctica - 3º Ciclo de Primaria

recomendando empezar en el nivel 1. Al igual que en los "problemas expés" se busca que el alumno llegue al final de cada uno de los niveles superando las tres fases de las que consta.


7. - Tools:

É o apartado dedicado á lingua inglesa, nela trabállase o vocabulario relativo ás ferramentas prestando especial atención ás actividades con audio (listening).

7.1. - Poster: Imaxe interactiva na que situando o cursor do rato enriba podemos ver o nome da ferramenta facendo clic sobre a ferramenta escoitaremos o seu nome.




7.2. - Vocabulary: conxunto de 9 actividades pensadas para o afianzamento do vocabulario, o seu significado e pronunciación.



7.3. - Polyseme - Nail: Nestas nove actividades trabállase a comprensión auditiva mediante os dous significados que en inglés ten a palabra "nail". O alumno escoitará frases nas que terá que indicar o significado que en cada caso ten a citada palabra.



7.4. - Levers: Cinco exercicios relacionados cos conceptos traballados na unidade sobre as pancas.



8. - Traballo colectivo:

Coa proposta deste traballo búscase a realización dun traballo colaborativo de todo a aula. Nun principio pode ter certo parecido, en canto á súa estrutura, cunha webquest, pero, neste caso, optouse con non facilitar enlace ningún para a súa realización, o motivo é moi claro, dado que é un tema no que a información en internet é abundante búscase que o alumnado empece a buscar as súas propias fontes e así desenvolverse autonomamente.

No caso do alumnado non realizara nunca unha webquest ou similar é moi conveniente que se realicen exercicios previos a esta proposta para poder levala a bo termo.

Débese de ter en conta que a información pedida para cada un dos casos ha de ser o máis gráfica e esquemática posible, non se trata de "copiar-pegar", trátase de ler, assimilar, resumir e plasmar os conceptos pedidos (son conceptos moi sinxelos para un neno destas idades).

8.1. - Proxecto:

Neste apartado detállase o traballo a realizar. Como docente, teña decidido cal das dúas opcións propostas para o traballo final vai ser a utilizada. Se se decide pola forma "on line" **É MOI IMPORTANTE QUE CONSULTE O DOCUMENTO TÉCNICO** que tamén se achega a esta unidade, xa que require dunha pequena intervención nos arquivos antes de iniciar o traballo (a intervención é sinxela e atópase amplamente detallada no citado documento).

As máquinas

Inicio ▾ As máquinas simples ▾ Na historia... ▾ Lingua ▾ Lengua ▾ Unidades de masa ▾ Tools ▾ Traballo colectivo ▾ Reunión carpintería

Introdución Organizámonos A pescuda **O traballo final**


4.- O traballo final.

Na clase deberedes de decidir como ides a presentar o voso traballo conxuntamente. Hai moitas formas pero aquí suxerimos dúas:

A.- "On line", a través da propia unidade: Esta unidade didáctica, si está aloxada nun servidor web, conta con un apartado onde cada grupo pode aportar os seus descubrimentos e traballo, sendo así visible para calquera que a visite. Na guía para o/a profe hai unha explicación de como artellar isto tecnicamente.

B.- "Gran mural": Neste caso, cada grupo presentará o seu traballo en 1 folio DIN A3 ou en dous DIN A4 cubertos por unha única cara. Os traballos de cada grupo aparecerán conxuntamente nun único mural onde unha comisión formada por un membro de cada equipo determinará a colocación de cada apartado. Como fondo para todos os traballos podedes empregar papel de embalar, no que, a modo de mapa conceptual, pegaredes os vossos traballos.

Unha vez realizado o traballo, sería bo que cada grupo determinase un representante/presentador que explicase ó resto da clase o traballo do seu equipo.



Unidade didáctica - 3º Ciclo de Primaria

8.2. - Traballo:


Este opción estará activa se a unidade didáctica se atopa aloxada nun servidor web, CONSULTE O DOCUMENTO TÉCNICO para máis detalle.

Neste apartado o alumnado, cada un traballando dende o seu ordenador, pode dar forma ás súas investigacións situando texto e imaxes da forma que considere máis oportuna. O traballo de cada un e o conxunto é visible en tempo real para calquera que visite a unidade.

A bicicleta

Cofecida e empregada en todas as partes do mundo, dende hai moitos anos, nos permite desprazarnos máis rapidamente sen contaminar e dun xeito moi saudable para o noso organismo. Neste traballo colaborativo amosamos o traballo froito das nosas pescudas na rede, para ver os distintos apartados non hai máis que premer nos distintos botóns.

Historia



Historia

9. - Reunión na carpintaría:

Este apartado pretende afondar nos valores do traballo en grupo, pode ser unha boa idea introducilo na aula antes que o traballo da bicicleta. Preténdese que xere no grupo reflexións e comentarios máis alá do estritamente académico.

9.1. - Lectura:

Ao igual que outras lecturas desta Unidade preséntase baixo a aparencia de libro.

As máquinas

- Inicio
- As máquinas simples
- Na historia...
- Lingua
- Lengua
- Unidades de masa
- Tools
- Traballo colectivo
- Reunión carpintaría

Temas transversais

1

Asemblea na carpintaría

Contan que na carpintaría houbo unha vez unha estraña asemblea. Foi unha reunión de ferramentas para arranxar as súas diferenzas.

O martelo exerceu a presidencia, pero a asemblea lle notificou que tiña que renunciar. A causa? Facía demasiado ruído!. E ademais, pasábase o tempo golpeando.

O martelo aceptou a súa culpa, pero pediu que tamén fose expulsado o parafuso; dixo que había que dalo moitas voltas para que servise de algo.

Ante o ataque, o parafuso aceptou tamén, pero a súa vez pediu a expulsión da lixa. Fixo ver que era moi áspera no seu trato e sempre tiña friccións cos demais.

2

Unidade didáctica - 3º Ciclo de Primaria

9.2. - Actividades:

Grupo de seis actividades encamiñadas á adquisición de vocabulario, a comprensión do texto e a reflexión sobre o que quere transmitir. O docente debería de promover, a raíz da lectura e a realización dos exercicios a reflexión no seu alumnado sobre o propio texto resaltando os valores que quere transmitir.

As máquinas

Asemblea na carpintaría

DICIONARIO

1 2 3 4 5 6

4.- Os defectos

Emparella cada personaxe co defecto que as outras ferramentas lle atribuían na asemblea.

sempre se pasaba medindo os demais segundo a súa medida, coma se fose o único perfecto.

Unidade Didáctica - 3º Ciclo Primaria